



MITO DAS LINGUAS



Hera, celosa de que o seu marido tivese un fillo con unha mortal, Heracles, quería matalo. Entón, a esposa de Zeus falou con Ares (deus da guerra) para facer un plan co fin de matalo. Helios viunos e contoulle todo o que vira a Zeus (soberano dos deuses do Olimpo).

Zeus, como quería protexer ao seu fillo pero, ademais, non quería ter problemas coa súa muller, mandou que Hermes lle enviara unha mensaxe a Heracles para que estivese preparado para se defender do ataque que lle tiñan preparado Hera e Ares co fin de acabar coa súa vida, e así, Hera non sospeitara de que o avisara el. Cando Heracles escoitou a mensaxe de seu pai, chamou a algúns deuses, semideuses, heroes e mortais, non só para defenderse, senón tamén

para matar a súa nai, como reprimenda ao que ela quería facer tamén con el.

De novo, Helios viu o poderosísimo exército que Heracles reunida, e foille co conto a Hera, esta fixo o propio e tamén conseguiu reunir un exército case imposíbel de vencer e preparouse para unha guerra que sería moi igualada, tanto que nunca se acaba-

ría e que arrasaría con todo.

Cando os dous exércitos xa estaban preparados para enfrontarse, interveu Zeus para poñerlle fin a esta guerra, e mantivo unha longa conversa co seu fillo, Heracles, e a súa muller, Hera, pero non conseguiu o que pretendía, entón decidiu cambiarlles as linguas aos soldados de ámbolos dous exércitos para que así non se entendesen e non puidesen loitar.

A guerra ao final non se levou a cabo, e todo rematou ben agás a relación entre Hera e Heracles e, máis, que no mundo, a partir dese momento, non toda a xente podería falar con quen ela quixese, xa que despois da guerra, había no mundo moitas linguas diferentes.

CARLOS CONDE SANTOS, B1A

